



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA QUINCE DE ABRIL DE 2016, CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas do día quince de abril de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión EXTRAORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Punto único: Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerán a licitación do contrato de concesión administrativa para a explotación do saneamento e depuración do Concello de Vedra.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e técnicas que rexerán a licitación do contrato de prestación dos servizos públicos vinculados á rede de saneamento e a depuración do Concello de Vedra, mediante xestión indirecta en réxime de concesión administrativa, de acordo co artigo 277.a) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCAP).

A adxudicación efectuarase por procedemento aberto, á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

Conclúe ao fío das vinte horas e vinte e cinco minutos.